

A Concellaría de Igualdade convoca o III Certame escolar de Fotografía dixital Día Internacional da Muller



Unha mirada optimista. Beatriz López González. Gañadora ano 2010.

Bases do concurso

Co gallo da conmemoración do 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, a Concellaría de Igualdade do Concello de Sarria, organiza o III Concurso de fotografía dixital escolar baixo o lema “**Unha imaxe para a igualdade**”. Un ano máis buscamos que o alumnado reflexione sobre a representatividade feminina na sociedade e a necesidade de seguir a impulsar e desenvolver relacións máis igualitarias no ámbito laboral e familiar.

I. Temática

Os temas das fotografías versarán sobre algún dos seguintes aspectos:

- O papel da muller na sociedade actual: valorización e visualización.
- Mulleres representativas do noso ámbito.
- A corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar de homes e mulleres.

II. Participantes

Poderán participar no concurso todas as alumnas e alumnos dos centros educativos municipais que estean escolarizadas/os na educación secundaria obrigatoria.

Só se poderá presentar tres obras por autor/a.

III. Obras

Os traballos que se presenten ao concurso deberán ser orixinais e inéditos, non premiados noutros concursos ou certames.

A técnica da fotografía é libre.

As obras deben levar a seguinte frase “8 de Marzo. Día Internacional da Muller: Unha imaxe para a igualdade”.

Os/as participantes deberán explicar a motivación da elaboración de dita fotografía dentro da temática elixida.

Os traballos presentaranse acompañados dun sobre pechado, e no seu exterior indicárase o título outorgado a obra presentada. No interior, incorporárase a ficha de inscrición, segundo modelo que se achega. Son obrigatorios os seguintes datos: nome e apelidos do/a autor/a, idade, curso e centro educativo, enderezo particular, e teléfono de contacto.

De optar por remitir as obras por internet, poderase solicitar o envío da ficha de participante por correo electrónico, e deste xeito achegarana cuberta cos seus datos, xunta cas imaxes cas que desexan concursar, como arquivos adxuntos; indicando claramente o obxecto do seu correo, e a temática na que se encadra o traballo participante.

IV. Lugar e prazo de presentación:

Os traballos deberán entregarse no Centro de Información á Muller de Sarria (r/Matías López, 33 /Tfno.: 982 535061 de luns a venres en horario de 9 a 14h., no rexistro de entrada do Concello, ou be nao enderzo electrónico do servizo: cim@sarria.es. O prazo de entrega remata o vindeiro 2 de marzo ás 14 h.

V. Proceso de selección das obras premiadas

O xurado valorará os traballos presentados conforme aos seguintes aspectos:

- Calidade do traballo
- Correspondencia coa temática do concurso
- A creatividade e a orixinalidade no tratamento do tema

O dictame do xurado será inapelable e poderíase declarar deserto calquera dos premios do certame, de se estimar que os traballos non acadan unha calidade mínima ou non abordan a temática proposta.

VI. Composición do xurado

O xurado será nomeado polo alcalde de Sarria. A resolución do xurado será comunicada na semana do 8 de marzo.

As obras premiadas quedarán en posesión da Concellaría de Igualdade, reservándose todos os dereitos de uso destas.

VII. Premios

Establécense tres premios:

Primero premio: Cámara de fotos dixital

Segundo premio: MP3 e vale de 50€en material escolar

Terceiro premio: Vale de 80€en material escolar

VIII. As obras gañadoras utilizaranse para o deseño do calendario anual do Centro de Información á Muller e para a edición de carteis e outros materiais publicitarios que o Concello de Sarria no marco de esta o outras datas realice. Todas as obras premiadas quedarán en propiedade desta entidade Local, que poderá reproducilas libremente, sen que tal reprodución xere dereito algún.

Así mesmo a Concellaría de Igualdade resérvase o dereito de engadir unha franxa co anagrama da Concellaría de Igualdade e do Concello de Sarria.

Con todas as obras presentadas organizarase unha exposición.

Os premios serán entregados nun acto organizado con motivo do Día Internacional da Muller polo Concello de Sarria.

IX. A participación neste concurso implica a total aceptación das presentes bases.

X. A Concellaría de Igualdade porá o máximo esmero no tratamento do material recibido, declinando toda responsabilidade en caso de extravío ou deterioración que puidese sufrir de modo involuntario, debido á súa manipulación e/ou traslado.

XI. A Concellaría de Igualdade do Concello de Sarria, poderá resolver aquelas situacións non contempladas nas presentes bases, así como aquelas dúbidas que se expoñan na súa interpretación.